



LOLXA
AGROPECUARIA
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfo 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	117.883
TOTAL ASISTENCIA	747		
TOTAL ADXUDICADOS	673		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	69	113
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	79	128
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	111	134

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	241	189
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	268	210
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	328	283

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	222	*
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	461	509

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	178.442
TOTAL ASISTENCIA	272		
TOTAL ADXUDICADOS	256		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.448
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	952
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	534
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	234

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	68.081
TOTAL ASISTENCIA	105		
TOTAL ADXUDICADOS	88		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,82	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,17	2,73
RAZA RUBIA GALEGA	2,36	2,29

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		Estabilidade nas cotizacións, sen despexarse claramente o mercado: Tras a lixeira suba das cotizacións da semana pasada, que tentaba non só axustar as cotizacións da semana, senón marcar unha tendencia á alza, ésta non se dá consolidado, tras facer unhas previsións dende a mesa de alzas máis ou menos substentábel ao longo do mes. O festivo do 15, cunha clara ameaza de redución da actividade, xunto cunha oferta máis ou menos suficiente para a actividade dos matadoiros, propician que as cotizacións non poidan de momento incrementarse como se agardaba.
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,600	0,00	Análise de mercado: A situación segue sendo favorable; Pesos: mantéñense máis ou menos estables, cuns niveis inferiores aos de hai un ano (motivado pola alta actividade nos matadoiros); Prezos Europeos: as cotizacións no norte de Europa son superiores ás peninsulares, nunha época do ano na que tenden estar por baixo (estabilidade na presente semana, con tendencias puntuais á baixa); en canto aos insumos, destaca o descenso das cotizacións dos cereais motivado pola boa colleita, xunto coa lixeira merma dos carburantes. Apuntar finalmente dous datos: 1º pecháronse as negociacións para o envío de carne e produtos cárnicos a China; 2º a CE eliminou as restitucións á exportación aínda que os efectos negativos non se prevén a curto prazo.
SELECTO	1,355	0,00	
NORMAL	1,330	0,00	
CASTRADO	1,600	0,00	
CANAL II	1,727	0,00	
DESVELLE	0,81/0,87	0,00	

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS			Sexta repetición nas cotizacións dos bacoriños, un mercado que non arrinca: A sexta estabilidade nas cotizacións dos bacoriños pode ser un reflexo dun mercado que non tira; máxime tendo en conta que esta situación ven precedida de seis semanas sen cotización.
	KG.	UNIDADE	DIF.	
SELECTO	1,35	27,00	0,00	Análise de mercado: A situación é análoga ao das últimas semanas, e o mercado aínda que repuntou un tanto hai semanas, segue parado (en comparación a outros anos), manténdose todas as variábeis limitantes do mercado das últimas semanas; 1º As cotizacións son moi inferiores aos custos de produción, polo que o negocio exclusivo do bacoriño segue sendo ruinoso; 2º O errático comportamento das cotizacións do cebo nas últimas semanas (na península), xunto cos problemas financeiros dos cebadoiros, e do incremento da produción propia, desincentiva a demanda no mercado libre de leitóns; 3º A oferta é abundosa; 4º. Os mercados Europeos de referencia tímidamente comezan a colocar xénero noutros países do Leste (Polonia principalmente). De momento, son as exportacións (sobre todo a Italia), as que regulan dalgún xeito un mercado cuxa demanda interior non tira.
NORMAL	1,30	26,00	0,00	

OVOS

CLASE	EUROS				Lixeira tendencia á alza nas gramaxes máis baixas: A recuperación da demanda de ovo, axudado por incrementos nas cotizacións dos mercados Europeos, fai que as cotizacións do ovo se vexan incrementadas (agás na gramaxe XL) tras as seis semanas de estabilidade nas cotizacións. Deste xeito encárase con certo optimismo o último trimestre do ano que é cando se acadan estacionalmente as máximas anuais do ovo. Porén, ter en conta que na semana 34 do 2007 as cotizacións revalorizáranse máis dun 15%, situación que este ano parece que non se vai producir, polo que tirará á baixa as comparativas interanuais.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,52	0,00	1,52	0,00	
L	1,22	+0,02	1,22	+0,02	
M	1,10	+0,02	1,10	+0,02	
S	0,87	+0,02	0,87	+0,02	

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		Décimo quinta semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas, manténdose as previsións de estabilidade para as vindeiras semanas: A firmeza no mercado das galiñas segue sendo a tónica xeral en todos os mercados Estatais (a estabilidade nas cotizacións repítese dende a última semana de abril). O mercado está equilibrado (baixa oferta estrutural ao baixar o censo das galiñas nos últimos anos). As cotizacións son un 42% superiores ás de hai un ano.
	KG.	DIF.	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00	

COELLO

GRANXA EN VIVO	EUROS		Cotizacións establecidas para dúas semanas: O mercado do coello parece dar os seus primeiros síntomas positivos. Parece que o consumo (sobre todo no Levante) comeza a arrincar paseniñamente, ben sexa por un incremento real do consumo final, ou ben polas previsións de alza que os operadores fan para a presente semana, marcada polo festivo do día 15. Se tras isto o mercado tomase un ritmo normal, as cotizacións deberían encarar as tan agardadas subas estacionais, ata acadarse o segundo máximo anual a inicios de novembro.
	KG.	DIF.	
NOVO	1,37	+0,18	